

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A COEDICIÓN DA PUBLICACIÓN "GUÍA LEGAL PARA AUTORES E ARTISTAS DE GALICIA"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar coa **Universidade de Santiago de Compostela** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura **ata o 15 de decembro de 2020**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é a coedición da publicación *Guía legal para autores e artistas de Galicia*, escrita polo avogado especialista en dereitos de autor, Ramón Rey García, que implica o proceso de edición, distribución e venda da obra, en edición impresa e en liña.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A *Guía legal para autores e artistas de Galicia* nace con vocación de poñer en coñecemento as principais cuestións xurídicas en materia de propiedade intelectual dos principais eidos artísticos e culturais. Será a primeira guía elaborada pola Universidade e a Xunta de Galicia co ánimo de ofrecer coñecemento xurídico da aplicación da lei de propiedade intelectual no ámbito da industria cultural a un sector que normalmente asume a parte débil en calquera negocio xurídico dentro das industrias culturais. Existen antecedentes sectoriais, de iniciativa privada ou promovidos por entidades de xestión, pero non existe ningún documento en España que aborde desta forma o conxunto das obras artísticas. Unha obra que, sen menoscabar a laboriosidade que implica o estudo do dereito, emprega unha metodoloxía accesible para o lector non xurista e que se ve apoiada, así mesmo, por achegas de expertos nos distintos campos da propiedade intelectual relacionados coas industrias culturais.

A Agadic, asumindo a protección intelectual como un pilar fundamental para fomentar o desenvolvemento económico, considera esencial o establecemento de accións conxuntas coa USC que permitan a súa participación no desenvolvemento deste proxecto e que contribúan, ademais, a potenciar os programas de investigación e desenvolvemento cultural, estreitando a coordinación entre as administracións públicas con competencias na materia para aproveitar as sinerxías, incrementar a posibilidade de financiamento e acadar unha maior calidade e eficiencia na acción cultural.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei



9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

